

Antecedentes e descripción da entidade

O **obxectivo social** da Fundación Eomaia é a procura da calidade de vida, a igualdade de oportunidades no acceso ao benestar e á participación social, a total integración social de todos os colectivos, a conciliación familiar, o empoderamento da muller, o desenvolvemento persoal e a mellora da saúde.

Os seus **valores fundamentais** son: o respecto a todos os seres, o amor á vida, a sensibilidade, a colaboración, o apoio mútuo e a comunicación e entendemento entre as persoas.

En consonancia co artigo 25 da Declaración universal dos dereitos humanos, Eomaia defende e traballa para que todas as persoas poidan acceder a unha vida digna e adecuada que asegure, a ela e a súa familia, a saúde e o benestar. A Fundación se fai eco tamén do disposto no punto 2 do mesmo artigo, no que se afirma que “A maternidade e a infancia teñen dereito a cuidados e asistencia especiais”.

O seu ámbito de traballo neste senso, centrouse ata o de agora nos servizos asistenciais á familia, muller, infancia, saúde e discapacidade. Así desenvolveu dende a súa constitución no ano 2009, actividades como as seguintes:

- Atención da saúde perinatal de bebés e nais (atención persoalizada, traballo de grupo e obradoiros).
- Acompañamento no parto, parto e postparto. (atención persoalizada)
- Formación e atención á familia (traballo de grupo e obradoiros).
- Saúde da muller (atención persoalizada e obradoiros).
- Arteterapia (atención persoalizada e obradoiros).
- Terapias asistida con burros. Especialmente deseñado para nenas/os con diferentes capacidades. (grupos e atención persoalizada)

Novos programas no eido dos servizos sociais

Co fin de continuar a contribuír no ámbito dos servizos sociais, a Fundación apostou por dar un paso mais e colaborar cos poderes públicos na súa tarefa de “promoción das condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra, sexan reais e efectivas;” e de “remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural y social”, tal como versa o artigo 9.2 da Constitución Española.

Tras ter solicitado no ano 2016 a incorporación da Fundación no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS), Eomaia recibe resposta favorable da Consellería de Política Social na que se lle comunica a incorporación ao dito Rexistro como entidade de iniciativa social para a área de actuación de familia, con data 23 de xaneiro de 2017.

Por tanto, Eomaia iniciou neste ano que remata 2017 un programa de actuación solidario destinado a garantir a igualdade de oportunidade no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, poñendo especial atención ao marcado interese no ámbito do Estado na promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

Así, articuláronse unha serie de obxectivos, accións e servizos dotados orzamentariamente e que contaron cos recursos humanos e materiais adecuados para levalos a cabo e procurar solucións ás necesidades sociais descritas.

Para elo **abriuse un local en maio do 2017 en Santiago de Compostela, na rúa Fontiñas 27, baixo**. O local e os seus recursos están a ser utilizados, neste exercizo, en forma de co-working con outras entidades colaboradoras coas que Eomaia comparte algúns dos seus obxectivos ou principios.

Neste vindeiro ano 2018 prevese a continuación do dito programa e a consolidación do mesmo. A continuación o plan de actuación por proxectos.

I. “UNHA BOA MORTE PARA TOD@S”

DATOS IDENTIFICATIVOS DE LA ACTIVIDAD

DENOMINACIÓN	PROXECTO “UNHA BOA MORTE PARA TODOS”
TIPO	Propio
SECTOR PRINCIPAL	Cidadanía en xeral. Persoas maiores. Persoas con dificultades económicas ou/e sociais
FUNCIÓN PRINCIPAL	Asistencial. Informativa. Formativa. Servizos Comunitarios.
UBICACIÓN GEOGRÁFICA	Comunidade Galega. Especialmente Comarcas Santiago de Compostela e Vigo

1. ANTECEDENTES E DETECCIÓN DE NECESIDADES.

Debido ao estilo de vida actual, o cal inclúe a desintegración do ancestral modelo de familia extensa; o abandono do rural; o envellecemento da poboación en Galicia; o illamento ou diferentes estados de abandono dos nosos maiores; a desvalorización das persoas consideradas improdutivas; e outros factores sociais inherentes á vida moderna, cada vez son máis as persoas que afrontan a etapa final da súa vida na máis absoluta soidade.

Por outra banda, atopámonos nun momento no que podemos afirmar obxectivamente que “no noso país se morre mal”. Isto é debido, non só as razóns citadas no parágrafo anterior, senón tamén á falta dunha estrutura especializada no proceso de morte (a función da medicina e os médicos é curar e preservar a vida, non axudar a vivir unha boa morte, e esta é a contradición que da orixe a numerosos conflitos sociais), e tamén, e non menos importante, debido á perda da cultura da morte que permitía noutros tempos, afrontar o proceso dun xeito máis natural para as persoas en transo e máis sanador para as persoas que quedaban (hoxe en día a morte é un tabú do que non se pode nin falar).

Todo isto fai que ao xa de por si difícil e importantísimo proceso de afrontamento da etapa final da vida, se sumen todas estas circunstancias que suman, con moita frecuencia, un enorme sufrimento engadido para a persoa e o seu entorno.

Afortunadamente, a sociedade e as institucións están a se decatar da situación e a articular, por tanto, accións dirixidas á protección dos dereitos sanitarios e a autonomía do paciente (reflectedo nas diferentes lexislacións estatais e autonómicas) e ao servizo especializado, a través das unidades de coidados paliativos.

Porén, todas estas accións están aínda nun momento cedo de implantación, detectándose grandes **carencias** dende o punto de vista informativo da poboación (por exemplo, a maioría das persoas descoñece os dereitos que lle asisten na etapa final da súa vida ou o dereito e forma de subscribir o documento de instrucións previas); formativo do persoal especializado (moitos/as médicos, enfermeiros/as ou auxiliares que asisten a persoas no seu proceso de morte, non teñen formación específica de tanatoloxía, dereitos sanitarios, aspectos psicolóxicos do paciente terminal, etc); e incluso de actuación da unidades asistenciais de coidados paliativos, que teñen dificultades para acceder a toda a poboación, por exemplo aquela que se atopa no rural, sobre todo no rural máis illado.

É por iso que Eomaia consciente desta situación e consecuentemente cos seus principios e fins estatutarios, pon en marcha este programa que pretende paliar, na medida do seu alcance, os problemas descritos, poñendo especial atención á poboación máis illada social e fisicamente, e a máis desfavorecida.

2. DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA

Articulación unha serie de accións, levadas a cabo por persoal propio e alleo da Fundación, que sirvan de apoio ás persoas que se atopan na etapa final das súas vidas e ás súas familias, para engadir calidade e, na medida do posible, alivio, no proceso de morte e dó.

Así mesmo, o programa pretende achegar á cidadanía en xeral as ferramentas informativas, formativas e asistenciais que contribúan a manter e protexer a súa propia autonomía persoal nun futuro, pero certo, final da vida.

Servizos de acompañamento no proceso para aqueles que así o soliciten, especialmente a persoas con especiais dificultades sociais ou económicas ou calquera outra circunstancia de especial vulnerabilidade.

3. FUNCIÓN PRINCIPAL

- ➔ Asistencial. Dirixido ás persoas achegadas á morte, especialmente aquelas en situación de vulnerabilidade social ou/e económica.
- ➔ Informativa. Dirixido á poboación en xeral.
- ➔ Formativa. Dirixida a calquera persoa interesada, especialmente profesionais do sector (tanatoloxía, enfermería, medicina en xeral, terapias alternativas...)
- ➔ Comunitaria. Dirixida á poboación en xeral, especialmente a aquelas persoas afectadas por algún proceso vivencial de morte, en si mesmas ou achegados, a través da posta en marcha do asociacionismo e os grupos de apoio e debate.

4. UBICACIÓN GEOGRÁFICA

Comunidade Galega, especialmente comarca de Vigo e Santiago de Compostela.

5. DESTINATARIOS/AS OU BENEFICIARIOS/AS FINAIS

- ✓ Anciáns/anciás que se atopen sos/soas ou en situación de desamparo.
- ✓ Persoas en proceso de morte e as súas familias.
- ✓ Persoas que afronten o seu proceso de morte dende os seus domicilios.
- ✓ Persoas que afronten o seu proceso dende un especial grado de vulnerabilidade social, económica ou física.
- ✓ Persoas en proceso de dó e as súas familias
- ✓ Enfermos graves ou terminais e as súas familias.

6. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PROGRAMA

- ✓ Aliviar os procesos de morte e dó.
- ✓ Garantir unha morte de calidade para todas as persoas, independentemente da súa situación social, familiar, económica, procedencia, etc.
- ✓ A procura dunha morte de calidade para todos/as, identificando e respectando o que cada un/unha considere como tal para si mesma.
- ✓ Normalizar o debate cidadán sobre a morte e crear grupos de autoaxuda, debate e compartición de experiencias para afrontar este proceso dende unha perspectiva comunitaria.
- ✓ Implicar a cidadanía nas solucións das diferentes necesidades sociais ao redor deste tema a través de redes de solidaridade e voluntariado.

- ✓ Empoderar á cidadanía nos aspectos referentes ao tratamento da súa morte, como principal ferramenta para garantirlle a autonomía persoal na etapa final da súa vida.
- ✓ Aliviar ao cuidadores de enfermos terminais.
- ✓ Axudar ao entorno familiar a afrontar o proceso de morte dun membro da familia.
- ✓ Garantirle o apoio as familias como marco de referencia no que se desenvolven as persoas (principalmente a través da función asistencial)
- ✓ Garantir a autonomía persoal das persoas en situación de dependencia. (principalmente a través do empoderamento da persoa enferma ou en transo de morte, pero tamén a través do acompañamento especializado se fora preciso)
- ✓ Previr a aparición de calquera situación de dependencia, exclusión, desigualdade ou desprotección. (a través da información, asesoramento e, por tanto, empoderamento da persoa enferma grave ou terminal; e a través do servizo asistencial a persoas en ditas situacións)

7. ACCIÓNS ESPECÍFICAS PARA LOGRAR OS ANTEDITOS OBXECTIVOS

1. **Atención ao público** para información e asesoramento en local permanente en Santiago de Compostela no seguinte horario: de 9:00 a 13:00 e de 17:00 a 21:00 de luns a venres.
2. Disposición de **puntos permanentes de información** en Santiago de Compostela

Os temas sobre os que se asesorará e ofrecerá información serán os seguintes:

- ✓ Dereitos sanitarios en xeral e en concreto aqueles que teñan que ver cos procesos achegados á morte.
- ✓ Coidados paliativos.
- ✓ Documento de Instrucións Previas (DIP)
- ✓ Fases psicolóxicas e físicas do proceso de morte.
- ✓ Recursos para afrontar e paliar o dó.

3. **Organización e oferta de plans formativos** especialmente dirixidos ao persoal sanitario ou cuidador, pero tamén a calquera persoa interesada en afondar no proceso da morte e dó. Os temas a tratar son os seguintes:

- ✓ O proceso de morrer; as súas diferentes fases
- ✓ Antropoloxía histórica da morte e a súa diversidade
- ✓ Aspectos psicolóxicos do paciente terminal e o seu entorno
- ✓ A comunicación co paciente terminal e o seu entorno
- ✓ O autocoñecemento como extratesia de afrontamento.
- ✓ A bioética.
- ✓ Os dereitos sanitarios.
- ✓ O DIP (documento de instrucións previas)
- ✓ Coidados físicos do paciente terminal
- ✓ O falecemento e o dó.
- ✓ A morte perinatal.
- ✓ Novas tendencias. A morte da morte.

4. **Creación de grupos de debate, autocoñecemento e axuda mútua**, que permitan compartir e expresar o sentir propio, a dor dos procesos de dó, a nosa visión e inquedaanza ante a morte e as experiencias vividas.
5. **Creación de portales virtuales interactivos** onde se aloxarán contenidos formativos sobre as temáticas a tratar.
6. **Creación dunha rede de voluntariado** para axudar nos procesos de acompañamento e para garantir o apoio mútuo e a solidariedade entre os usuarios/as.

- 7. Organización ou participación en conferencias**, mesas redondas, encontros, congresos relacionados coa morte, a atención sanitaria nos procesos terminais, os procesos de dó, os dereitos sanitarios, DIP, etc.

8. Prestación de servizos de acompañamento na morte e asistenciais a domicilio.

Este servizo está dirixido a calquera persoa que afronte o proceso de morte e así o solicite, pero especialmente a aquelas que se atopen sós ou soas, ou en especial situación de vulnerabilidade, e, á súa vez, divídese en:

Acompañamento domiciliario e hospitalario de persoas que estean a vivir o seu proceso de morte, ou achegado a elo, e así o soliciten, co obxectivo principal de ofrecer un apoio psicolóxico e emocional á persoa que está atravesando o proceso, sobre todo si se atopa soa.

Asistencia domiciliaria de enfermería e coidados básicos a persoas achegadas á morte, que desexen pasar o seu proceso no domicilio, e así o soliciten.

Valeremonos da arteterapia como complemento do servizo (ver anexo I ao final deste documento)

8. NECESIDADES SOCIAIS IDENTIFICADAS QUE SE PRETENDEN PALIAR CON ESTE PROGRAMA

- ➔ Soidade e/ou desamparo na etapa final da vida de calquera persoa, pero especialmente de anciáns/ás.
- ➔ Situacións de especial vulnerabilidade na etapa final da vida, debido a circunstancias de saúde (física, psicolóxica ou emocional), sociais (problemas de exclusión, domicilio en zonas rurais ou illadas, etc.) ou económicas (falta de recursos para facer fronte a desprazamentos, etc)
- ➔ Confusión e sufrimento ante a perspectiva da morte.
- ➔ Necesidades asistenciais no domicilio nos procesos de enfermidades graves ou terminais.
- ➔ Necesidades asistenciais e de acompañamento cando unha persoa decide morrer no seu domicilio.
- ➔ Estados de extres e “queime” dos coidadores ou familiares da persoa enferma terminal.
- ➔ Dificultades no proceso de dó.
- ➔ Desestructuración familiar producta das novas formas de organización social que provocan unha situación de especial vulnerabilidade en moitas persoas na etapa final da vida.

9. METODOLOXÍA TÉCNICA

1. Disposición de local aberto ao público en Santiago de Compostela.

Situado na rúa Fontiñas, nº 27, baixo. Consta de 190 m2.

Utilización en réxime de co-working con outras entidades colaboradoras ou afíns.

Dende este local se realizan as seguintes actividades:

- Atención ao público (información e asesoramento)
- Realización de actividades formativas.
- Xuntanzas dos grupos de debates e apoio mútuo
- Punto de información permanente a disposición do público.

2. Contratación de servizos profesionais independentes

Continúase coa contratación iniciada no 2017 da empresa *Paradoxa Humana*, que se encargará do proxecto “Unha boa morte para tod@s” en canto á xerencia xeral do programa.

Paradoxa Humana é unha empresa adicada ao apoio e xestión de entidades da economía social e outras empresas sociais coa que se asinou un contrato de prestación de servizos para o desenvolvemento deste programa por tres anos, sendo este vindeiro 2018 o segundo.

3. Outras formas de prestación de información e asesoramento.

- a) Por medio da atención personalizada no local da Fundación de Vigo.
- b) A través de atención telefónica (unha telefonista-recepcionista establecería o primeiro contacto e logo sería transmitida a especialista correspondente)
- c) Nas plataformas virtuais de internet (habilitando para elo unha páxina web con toda a información dispoñible, incluíndo accesos e enlaces a diferentes servizos ou lugares, formularios de contacto, etc; e todas aquelas redes sociais e outros sitios web que contribúan a difundir a información e a comunicación coa cidadanía e potenciais usuarios/as)
- d) Co apoio da edición de folletos informativos (que serían repartidos principalmente nos centros de maiores, de saúde, hospitais,...)

4. Organización de plans formativos

A organización dos plans formativos levaranse a cabo en colaboración coa Fundación Vivir un Buen Morir, especializada neste tipo de formación.

Os plans formativos constan de diferentes módulos teóricos e xornadas prácticas/experimentais, sumando un total de 160 horas.

A formación está sendo homologada nestes momentos pola Xunta de Galicia, polo que poderá ser ofertada para profesionais sanitarios.

Organizaranse cursos formativos de menor duración e complexidade para cidadanía en xeral.

O lugar de impartición será o local de Santiago de Compostela para os módulos teóricos e para os prácticos unha casa rural de Negueira de Muñiz, na montaña lucense.

5. Prestación de servizos asistenciais de acompañamento na morte e asistenciais a domicilio.

A persoa interesada terase que por en contacto previamente coa Fundación a través dalgún dos medios previstos para elo, e expresar a súa necesidade.

A persoa encargada de administración e coordinación da Fundación será a responsable do primeiro análise do caso e de derivar ao servizo correspondente (pode ser que a persoa queira simplemente asesoramento, información, realización do DIP, etc).

Se o que realmente solicita a/o interesada/o é o servizo de acompañamento, derivaráselle a persoa encargada que acudirá ao lugar no que se atope para realizar a primeira visita e explicarlle á interesada o procedemento, e, de chegar a acordo, proceder a organizar o servizo.

5. Servizo de acompañamento en hospitais

O servizo de acompañamento en hospitais realizarase a petición expresa da persoa interesada ou o seu representante. Comporase de visitas periódicas ao hospital para prestar o acompañamento. Ditas visitas, en ningún caso poderán interferir no tratamento médico dos pacientes nin obstaculizar dalgún modo o mesmo.

O número de visitas será aquel que se acorde co paciente (ou os seus responsables, no seu caso)

O acompañamento consistirá en conversas, apoio psicolóxico/emocional, pequenos recados ou en intentar facer cumprir as últimas vontades do paciente. Tamén na simple presenza e acompañamento no proceso.

6. Creación de grupos de debate, autoconñecemento e axuda mutua.

Organizaranse periodicamente grupos de debate e apoio mutuo para compartir as experiencias e acadar o apoio doutras persoas con procesos similares.

Os grupos serán titorizados por persoal cualificado de Eomaia.

Organizaranse atendendo ás necesidades dos/das usuarias/os.

As temáticas habituais dos grupos serán:

- Proceso de dó. Afrontar a morte dun ser querido.
- Prevención do suicidio.
- Debate cultural sobre a morte.
- Experiencias persoais, máis ou menos traumáticas, achegadas á morte (propia ou dun ser querido)

7. Arteterapia.

Como complemento ao servizo de acompañamento, valerémonos da arteterapia, disciplina que a fundadora e Presidenta Lucía González, utiliza como servizo individual e colectivo ante diferentes situacións, especialmente con ancianos/as. (ver anexo I ao final deste documento)

Para traballar con esta disciplina, proporemos este servizo concreto a centros da terceira idade e asociacións. Unha das propostas é crear un “libro da vida”, que sería un repaso por episodios e vivencias da persoa anciá para darlle relevancia e importancia á vida vivida para recibir a morte con satisfacción.

Serán sesións correlativas onde realizaranse traballos artísticos e conversas sobre eles/as, o que inclúe a posibilidade de verbalizar e compartir experiencias e vivencias que lle dean á persoa protagonismo e recoñecemento.

8. Creación dunha rede de voluntariado

A rede de voluntariado terá como obxectivo principal atender o acompañamento daquelas persoa que polos seus escasos recursos económicos, non poidan acceder de forma normalizada aos servizos da fundación. Así mesmo, concienciar aos voluntarios do proceso de morte e do sufrimento alleo, así como fomentar os valores de solidariedade, compaixón e responsabilidade social.

A fundación solicitará **inscrición no Rexistro de Voluntariado da Xunta de Galicia** para obter acceso ao voluntariado potencial.

Asimesmo, procurará voluntariado entre a súa base social.

O voluntariado estará coordinado por unha persoa da Fundación con dilatada experiencia en xestión de voluntariado.

10.RECURSOS MATERIAIS

Os recursos materiais que serían necesarios para a posta en marcha do programa, son:

- ✓ Local en réxime de aluguer (pagado pola empresa Paradoxa Social)
- ✓ Habilitación completa do local (en colaboración con Paradoxa Social) con espazos diferenciados de:
 - ✓ oficina
 - ✓ atención personalizada
 - ✓ espacio grupal e formativo

E equipamento mobiliario e informático para os mesmos.

- ✓ Dous vehículos para desprazamento de profesionais e voluntarios aos domicilios 1 para zona de Vigo e outro para zona de Compostela. Facilitados sen custe pola Presidenta da Fundación (o de Vigo) e outro pola empresa Paradoxa Social (o de Compostela)

- ✓ Equipo de enfermería e asistencia persoal.

11. RECURSOS HUMÁNS

➔ Contratación de servizos profesionais independentes

- ✓ Continúase coa contratación iniciada no 2017 da empresa *Paradoxa Humana*, que se encargará do proxecto “Unha boa morte para tod@s” en canto á xerencia xeral do programa, a planificación estratéxica, supervisión e seguimento, procura de financiamento, seguimento da solicitude de autorización e solicitude de acreditación no RUEPSS. *Paradoxa Humana* é unha empresa adicada ao apoio e xestión de entidades da economía social e outras empresas sociais coa que se asinou un contrato de prestación de servizos para o desenvolvemento deste programa por tres anos, sendo este vindeiro 2018 o segundo.

Na súa equipa conta con:

- Raquel Freiría Mato, xerente de economía social e ademais experta en dereitos sanitarios e Documento de Instrucións Previas.
- Santiago Piñan Oujo, experto en comunicación, redes sociais e relacións públicas.
- ✓ Julia Beatriz Arroyo, Traballadora autónoma especialista en tanatoloxía, psicoloxía e dó. Licenciada en psicoloxía e tanatoloxía, con especialidade en dó. Traballou no pasado exercizo de forma voluntaria na Fundación. Neste vindeiro 2018 contaremos cos seus servizos a nivel profesional para a provincia de Pontevedra.

➔ Recursos humanos propios

- Lucía González Vicente. Acompañante a persoas no proceso de morte. Acreditada pola Fundación Vivir un Buen Morir, na que realizou recentemente a formación completa que ofrece a dita Fundación, especializada no acompañamento a persoas no transo de morte e en morte perinatal. Realizou unha tesina publicada pola Fundación Vivir un Buen Morir sobre este último tema. Arteterapeuta.
- María Eugenia Alonso. Auxiliar de clínica especializada en coidado, asistencia persoal e acompañamento de persoas maiores, enfermas e terminais. Leva realizando acompañamentos a moribundos na comarca de Vigo dende fai varios anos. Voluntaria para a comarca de Vigo
- Mónica Méndez Salgado. Enfermeira na comarca de Vigo con experiencia na UVI de Vigo, en reanimación e en coidados paliativos. Voluntaria para a comarca de Vigo.
- Contratación dunha/dun administrativo. De cumprirse as previsións iniciais de financiamento, procederáse á contratación dunha persoa administrativa a media xornada para atender as tarefas inherentes da súa ocupación en relación a este programa.
- Contratación dunha/dun auxiliar de clínica ou enfermeira para os servizos a domicilio na comarca de Santiago. De cumprirse as previsións iniciais de financiamento, procederáse á contratación dunha persoa auxiliar de clínica ou enfermeira a media xornada para atender as necesidades profesionais do servizo a domicilio na comarca de Santiago.
- Outras voluntarias e colaboradoras:
Olaia Freiría Mato, quiromaxasista; Mercedes Pablos Figueroa, investigadora; Olga Cameselle Estévez, artes escénicas; Lorena Lago Alvarez, terapeuta; Marisa Bruñuelas Pacheco, profesora de primaria; Javier Carrillo Freiría, coidador de persoas maiores; Ana Filgueiras, investigadora e arqueóloga galega.

12. FORMA DE FINANZAMENTO DO PROGRAMA

Neste exercizo 2018, tentaremos acceder ao financiamento público, previa consecución da autorización do programa pola Consellería de Servizos Sociais, para poder levar a cabo o programa descrito.

Por tanto, o financiamento total prevese das seguintes fontes:

- ➔ Contraprestación económica no servizo asistencial por parte do/a usuario/a. Porén, contéplase a prestación do servizo con importantes descontos (incluso de balde en certos casos) para persoas con falta de recursos económicos. Así mesmo, a rede de voluntariado se faría cargo da maior parte do acompañamento.
- ➔ Cotas de socios/as.
- ➔ Doazóns.
- ➔ Subvencións e outras axudas públicas ou privadas.

13. OUTRAS CONSIDERACIÓNS RELEVANTES

O proxecto “unha boa morte para todos” vai comezar a súa segunda edición. Neste primeiro ano, o aínda en curso 2017, o proxecto púxose en marcha en fase embrionaria e experimental, testando o mercado nun novo espazo xeográfico, en Santiago de Compostela, tendo en conta ademais, que non acadamos o financiamento necesario para lanzar o programa con todos os seus contidos.

Así, puidemos facer unha valoración real e sobre o terreno das necesidades do mercado e do interese no proxecto dos diferentes axentes sociais e do voluntariado potencial. E dímonos conta da importancia de adaptación ás novas tecnoloxías e novas formas de interrelación social para transmitir e facer chegar a nosa mensaxe, polo que decidimos habilitar un canal de Youtube para transmitir contidos, xa que presencialmente atopámonos con dificultades para facer chegar á cidadanía en xeral, debido á resistencia de moita xente que, aínda que interesada no tema, non se decide a achegarse aos puntos de información e ao noso local. Internet é a plataforma ideal, xa que a xente pode manter o anonimato, entrar a ver os contidos a calquera hora e calquera día, non importan ás limitacións ou capacidades físicas de ningún tipo, e ademais, así eliminamos os prexuízos presentes á hora da interacción social directa. É por elo que no vindeiro exercizo 2018 propoñémosnos decididamente a apostar polo espazo virtual e achegar así os nosos contidos a toda a cidadanía, sen esquecermos de manter o espazo físico para aqueles que queiran achegarse e disfrutar dun contacto máis tradicional e emocional.

Por outra banda, o exercizo 2017 foi un ano de presentación do proxecto na cidade.

As actividades que realizamos ata o momento foron, esquemáticamente, as seguintes:

1. Promoción e reparto do modelo de Documento de Instrucións Previas (DIP) da Fundación e do boletín informativo elaborado por Eomaia.
2. Deseño, gravación e edición dun tutorial de elaboración do DIP para Youtube.
3. Presentación do proxecto e do programa formativo a Centros de Maiores.
4. Diversas charlas, conferencias e debates sobre as temáticas do proxecto: DIP, dereitos sanitarios, a morte perinatal e a cultura da morte en Galicia.
5. Mellora e adaptación do programa e temario formativo ás necesidades da clientela potencial.
6. Asesoramento a diversas persoas individuais sobre DIP e dereitos sanitarios, especialmente en formato presencial no local de Compostela.
7. Acompañamento a diversas persoas en proceso de morte, tanto en hospitais coma en domicilios particulares, ao longo de toda a xeografía galega.

14. ORZAMENTO PREVISTO

RECURSOS DE FUNCIONAMIENTO PREVISTOS	IMPORTES		TOTAL
	ESPECÍFICOS	COMUNES	
Gastos de gestión	4000	360	4360
Consumos de explotación	7000		7000
Gastos de personal (1 anual)	20000		20000
Estacionares para amortizaciones de inmovilizado		0	0
Otros gastos (desplazamientos e suministros)	1500	500	2000
Variación de las provisiones de la actividad	300	0	300
Variaciones de las provisiones de inmovilizado inmaterial y material	200	200	400
Total recursos funcionamiento	33.000	1060	34060
RECURSOS DE FONDOS PREVISTOS	IMPORTES		TOTAL
	ESPECÍFICOS	COMUNES	
Adquisición Activo inmovilizado	5000	0	5000
Total recursos de fondos	5000	0	5000
TOTAL RECURSOS PREVISTOS PARA LA REALIZACIÓN DE LA ACTIVIDAD	38.000	0	38000

FINANCIACIÓN	Importe
RECURSOS PROPIOS	8.000
FINANZAMIENTO PÚBLICO (Subvención da Consellería)	30.000
TOTAL	38.000

RECURSOS HUMÁNS NECESARIOS	Número	Adicación horaria
Personal con contrato laboral	1	1920 horas anuais
Personal voluntario	10	960

INGRESOS ORDINARIOS ESTIMADOS DERIVADOS DA ACTIVIDADE 1º ANO	Importe
Ingresos ordinarios por servizos prestados (estimase un total anual, no primeiro ano de actividade de 20 persoas). A media do importe que se cobraría serían 450 € x persoa/servizo	9000
Ingresos por servizos de colaboración coa Fundación Vivir un Buen Morir	400
Cuotas de socias. (50 € anual). Estimase un crecemento de socias directamente relacionado coa actividade no primeiro ano de 10	500

Doacións	1000
Subvención da Consellería.	30.000
TOTAL INGRESOS	40.900

CONVENIOS DE COLABORA CON OUTRAS ENTIDADES	INGRESOS	GASTOS	RESULTADO
Fundación Vivir un Buen Morir	400	400	0

II. “ATENCIÓN Á DIVERSIDADE FUNCIONAL; asinoterapia”

DATOS IDENTIFICATIVOS DE LA ACTIVIDAD

DENOMINACIÓN	PROXECTO “Atención á diversidade funcional”
TIPO	Propio
SECTOR PRINCIPAL	Persoas con outras capacidades. “Discapitados/as” e infancia
FUNCIÓN PRINCIPAL	Asistencial.
UBICACIÓN GEOGRÁFICA	Concello de Ames, A Coruña

1. ANTECEDENTES E DETECCIÓN DE NECESIDADES.

A nosa sociedade actual está especialmente marcada polo desarraigo social e humano, a desconexión coa natureza e as carencias emocionais ou necesidades de cuidados del alma.

Con este proxecto, tentase paliar un pouco estas carencias.

A historia de Tomás, promotor do proxecto.

Despois de treina e seis anos ensinando musica en escolas diversas a un alumnado que vai desde os 12 meses ata os 80 anos, pasando así por todas as idades do ser humano, tiña a necesidade de aprender, e por tanto crear, unha actividade enmarcada exclusivamente na natureza, sendo esta o principal marco tanto para o profesor como para o alumno.

Situarme neste marco como profesor era unha idea atractiva e segura pois simplemente, é a miña orixe. O mundo rural, os campesiños, gandeiros, o veciño da casa de á beira, a horta, o ceo como protagonista que a diario miran os habitantes para saber se poderán ou non traballar ao aire libre... en fin, unha variedade de elementos que poñen en bandexa o enriquecemento de calquera actividade que se ofrezca aos usuarios.

Comezar a traballar con asnos non foi casualidade. Coñezo a estes animais desde a infancia. Era “o taxi do pobre”, un animal manso que desprazaba pesos diversos ou ben persoas, sobre todo mulleres e nenos. O do “taxi do pobre” é porque sempre había un burro/a nas casas máis humildes. Despois de tanto séculos de ter utilizado a estes animais como obxectos de carga e meras ferramentas de traballo, e atopándose agora a especie en perigo de extinción (ao seres estes felizmente reemplazados polos vehículos a motor), quixen por o meu grao de area na compensación ou xustiza histórica a estes animais e darlles a uns poucos a oportunidade de vivir doutra maneira, máis feliz, sosegada, sen explotación, e có cariño e agradecemento que se merecen. É certo que agora eles tamén fan o seu traballo axudando a outras persoas a atopar equilibrio emocional ou simplemente pasar un rato agradable, pero os nosos criterios éticos, o tipo de traballo que realizan e a relación que mantemos con eles, baseada no respecto aos animais e o antiespecismo (por

outra banda reflexados estes valores nos propios estatutos da fundación) aseguran unha vida de calidade aos animais.

O asno é un animal lento, que non impón o seu ritmo a ninguén e respeta o dos demais, de boa memoria, cariñoso, curioso, gran coñecedor dos camiños, de pisada segura e ademais de todo isto económico de manter. que nos descobre a calma no desplazamento, o gusto polo coidado e a atención, a paciencia e o placer polo medio no que paxa.

O burro ou asno posúe unhas propiedades terapéuticas intrínsecas á súa etiología: é paciente, e tranquilo, é inteligente, é curioso e colaborador.

A idea de empezar a traballar en terapias asistidas con animais, neste caso con burros, nutriuse e madurou nos cursos de formación que recibín coa Asociación AEPGA en Portugal, en Miranda de Douro. Esta asociación depende da Donkey Sanctuary de Inglaterra. Segúin o itinerario de aprendizaxe no zoolóxico de Córdoba, Allariz e Camarzana de Tera (Zamora).

O sector das persoas con outras capacidades teñen unhas necesidades aínda sen cubrir ou escasamente cobertas no ámbito da educación a cultura e o lecer, tres puntos craves para a integración social.

A primeira tarefa da educación é ensinar a ver. Os ollos teñen que ser educados para que a alegría aumente. A educación ten dous obxectivos: educar as habilidades e educar as sensibilidades.
Cita de Rubem Alves

Esta claro que o desenvolvemento dáse nun proceso de interacción entre o individuo e a contorna. O traballo en O fogar do meu burricán caracterízase por realizar por encima de todo unha terapia integradora co medio, persoas, paisaxe e animais desenvolvendo as habilidades e destrezas que todo o mundo trae consigo.

As carencias son extensibles non só ás propias persoas con diferentes capacidades, senón ao conxunto da familia. En O fogar do meu burro dáse o lugar e as condicións para relacionarse en familia nun espazo de lecer.

Necesidade de inclusión social. Ás veces esta moi lonxe da nosa mirada o pensar que hai persoas xordo-cegas, tetrapléjicas ou con outras discapacidades como as enfermidades raras, etc. É vital para todo ser humano coñecer estas realidades que aínda que a un aféctanlle, sí que é importante que as coñezan. Están ahí, e ter conciencia diso vainos a dar unha nova dimensión á nosa vida. Por iso é polo que nas terapias cos burros penetramos "no terreo doutro" e imos co noso carro ou ben paseando ao burrito ás aldeas veciñas nun intento de dicir "aquí estou".

Desde o principio de Ou Fogar do meu Burricán os obxectivo foron claros: Chegar aos demais desde unha actividade enmarcada na natureza, unha actividade que procure e ofrezca acougo, tanto para o que a recibe como para o que a ofrece. E desde o acougo á aprendizaxe.

Por outra banda, existe unha necesidade de dinamización do noso rural. Actividades novas como a asinoterapia marcan a diferenza mostrando un territorio novo á xente do rural e demostrando que outro tipo de relación cos animais é posible. O territorio rural é, a miúdo descoñecido para a xente da cidade e a realización de actividades no campo motiva e esperta outras relacións na contorna, permitindo unha interacción sá có medio e rica en experiencias de aprendizaxe e en vivencias afectivas.

O beneficio nos usuarios faise máis que evidente ao longo do tempo, estes benéficos e expoñen e compártense con outros profesionais que ten na súa vida cotiá: psicólogos, psiquiatras, terapeutas ocupacionais, psicomotricistas, logopedas, etc....

É un camiño de observación, análise, todo para que o neno/para mellore, sendo atendido os máis profundamente posible.

As dificultades que nos atopamos coa posta en marcha desta proxecto foron principalmente dúas:

1.- Como chegar a máis xente?

O único márketing da actividade é o boca a boca. Do hospital clínico de Santiago e de atención temperá da Asociación de Autismo Aspanaes é de onde están chegando máis usuarios. Realmente é moi satisfactorio que outros profesionais mándennos aos seus pacientes. Se buscamos solucións publicitarias, que poderíamos facer?

- Poñer cartelaria
- Utilizar a radio e a TV

- ou simplemente “camiñar amodo” e deixar que o boca a boca faga o seu efecto?

2.- Económicas

Desde a Fundación, o prezo da terapia é barato. Non se perde diñeiro pero tampouco se gaña moito. Con respecto ao que se traballa gáñase pouco, moi pouco. A dificultade máis seria de todos estes anos é a económica, que siempres viu compensada pola experiencia vital de poder facer a actividade, pero..... é esta unha fórmula a longo prazo?

Como resumo valórase positivamente a ORGANIZACIÓN e EXECUCIÓN do traballo que se está facendo.

Con todo no administrativo e comercial obsérvanse lagoas, puntos déviles que hai que solucionar.

Ideas que temos que potenciar neste vindeiro exervizo:

- CHARLAS DIDÁCTICAS EN COLEXIOS utilizando medios audiovisuais.
- ATRAER A MAIS COLECTIVOS DOUTRAS CAPACIDADES.
- VOLUNTARIADO, realizar un programa de voluntariado que presentaremos na Xunta de Galicia.
- ATRAER A PEREGRINOS para que descansen cos seus animais.
- CREAR UNHA ESCOLA DE ARTES música, pintura, cerámica, danza.

En abril do ano 2010 coa posta en marcha da actividade chegan os primeiros burros: Pascual, un asno de raza fariñeiro (a día de hoxe non recoñecida) ao que vin pastando nun prado en Pontecesures, coñecín ao vendedor e posteriormente adquirínno mediante compra por 50 € ao mesmo. E Bombón, de raza das ancantaciones, que o merquei a un tratante de Sigüeiro que o trouxo do País Vasco. Ambos de tres anos de idade, con bo carácter pero realmente xóvenes e xuguetóns, polo que estiveron con Tomás en fase de educación durante 4-5 meses antes de empezar a traballar coa xente. En outubro do mesmo ano xa monto o primeiro neno neles.

Ese mesmo mes chegoa Pomba, unha preciosa burra branca de 37 anos. Durante os cinco que durou antes de morrer con 42 anos, foi a raíña do recinto. Fixo as delicias de moitísima xente co seu amor e sensibilidade e finalmente conseguimos que pasara uns bos e tranquilos últimos anos e tivese unha morte digna.

Outros burros pasaron por Eomaia nestes anos. Catro morreron no recinto xa que os acollimos sendo moi vellos para que tivesen cando menos un bo final, con todo o amor, coidados e respetos que se merecían despois de vidas nada idílicas.

Actualmente, ademais de Pascual e Bombon temos a Lúa, unha burrita enana que foi mercada por 35 euros a uns xitanos, en estado bastante lamentable. Como resultou que estaba preñada, deu a luz aos trece meses a unha preciosidade que lle puxemos de nome Zara.

Sumamos a estes catro a Solomón un burro que en principio vive connosco desde fai dous anos pero a súa dona está en Malaga. Viñeron andando desde Calabria e a deixaron aquí. O máis seguro é que non volvan a por ela.

E finalmente temos a Martin, un burrito poderoso que veu cun peregrino desde Brataña, Francia. Logo non quixo saber máis del e o abandonou. Nos enterámonos do caso e o adoptamos.

Os dous carros que temos, un grande e outro pequeno son están feitos a man por un artesán da zona e fan as delicias dos máis pequenos. Unicamente facemos paseos curtos e sempre exclusivamente con nenos/as sen obrigar nunca aos animais a esforzarse máis da conta, explicándolle con motivo da actividade ás persoas que nos ven ou nos acompañan a pésima vida de explotación a que foron sometidos estes animais a través da historia. En Eomaia temos terminantemente prohibido a utilización dos animais como ferramentas de carga. O seu traballo é exclusivamente o terapéutico.

2. DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA

O proxecto “Atención á diversidade funcional” é unha actividade de terapia asistida con animais e nace coa Fundación Eomaia no ano 2009.

O seu Centro de traballo e marca comercial é “O Fogar do meu Burro”, en Lamas, no Concello de Ames, a 11 km de Compostela.

No programa se incorporan actividades como obradoiros, talleres, visitas, campamentos de verán e outras actividades relacionadas coa natureza, a música e a interacción cos burros, ademais das propias sesións de terapias asistidas con animais e complementarias a esta.

O Fogar do Meu Burro é dun espazo creado para ofrecer actividades medioambientales que acolle a todo tipo de persoas.

Nace no ano 2011, pero no corazón de Tomás leva existindo dende a infancia. Esta oportunidade que nos brinda de achegarnos aos burros e á natureza proporcionáanos paz e comprensión.

Cando nos achegamos aos animais en “O fogar do meu burro”, Tomás nos acompaña nunha viaxe emocionante, en paseos en carro, en coidados, como peinalos e darlles de comer; en abrazalos dende todos os lados e rascarlles as orellas.

Esta proposta ofrece educación ao aire libre para facilitar a comprensión do que a natureza nos ofrece, reaprender e entender a contorna rural, atender á orixe de onde vimos, cultivar toda a sensorialidade que o rural ofrece. Todos os seres humanos temos un compromiso cos animais e plantas, porque todos temos un compromiso coa vida.

Ademais da terapias a persoas con outras capacidades tamén se foi desenvolvendo ao longo destes anos actividades como charlas-conferencias en colexios de primaria e secundaria, así como visitas dos mesmos ao noso centro. Ás devanditas visitas sumáronse colexios de infantil, garderías, xeriátricos e centros de día de persoas con discapacidade.

Ademais foise sumando o interese doutras persoas de toda Galicia, e vénnos a visitar familias e grupos de persoas motivadas por unha curiosidade achega do burro, esta curiosidade chámase CUL-TU- RA.

Ao longo destes 8 anos de actividade nunca houbo un retroceso. O camiño é lento, moi lento, pero é verdade que os usuarios se van sumando e a súa permanencia na actividade de Terapias de establece a moi longo prazo.

Aínda que é certo que as terapias son mais efectivas quedándose só o neno/a con o terapeuta, damos a posibilidade de facer terapia en familia.

Un dos “ éxitos”, por dicilo dalgunha maneira, do noso centro, foi a reactivación de actividades na contorna rural. Por unha banda as terapias, e séguenlle o campamento de verán para nenos/ as de 4 a 12 anos e pequenas romarías que fan posible interaccionar coas persoas do lugar, ademais das visitas de colexios.....

Así, a día de hoxe, moitos veciños son “ complicés” da nosa actividade, coidando os burros, regalando comida, apoiando a saúde cos seus coñecementos como gandeiros, etc.... A actividade converteuse paulatinamente nunha acción social integradora.

Para este vindeiro ano 2018 temos previsto a instalación dunha carpa para actividades artísticas e educativas, que á súa vez, serve de “refuxio na natureza” para que as familias poidan vir libremente a merendar, a visitar aos animais, en fin, a pasar un intre de lecer.

LECER, unha palabra común que con todo para as familias con nenos/ as con discapacidade supón en moitos casos serios problemas. Sen dúbida, esta carpa, pode ser un bo servizo de gran aceptación.

TERAPIAS ASISTIDAS CON ASNOS

A actividade principal que se vai a ofrecer neste programa é a asinoterapia, é dicir, terapia asistida exclusivamente con asnos (burros).

A asinoterapia, ademais de ser unha terapia en si mesma, pode ser unha terapia de apoio ás terapias convencionais. Por iso é importante coñecer as outras terapias que segue o paciente, tales como logopedia, atención temperá, psicomotricidade, psicología, etc.

Estar á beira dun burro, é situarse desde o principio nun escenario moi concreto: un prado, un cortello, sons do campo, o ar libre, cheiros e ulos, relacións entre humanos, etc. Este é o principio que vai canalizar o noso traballo. Hai que aprender a mirar, para asegurar a túa situación na

contorna. Hai que saltar medos, inseguridades, empezar a elixir o teu itinerario neste contexto para empezar a actuar con seguridade. Achegarse a un animal ao que un non está afeito é tarefa lenta que hai que ir descubrindo moi aos poucos.

Por iso o programa parte do coñecemento da vida persoal do neno: Que fai?; A que terapias vai?; Que necesita no día a día?. E desde aí ofrécese unha contorna, disimuladamente dirixida, para que aprenda a actuar con seguridade, con pracer, con empatía. E o burro será o medio, a ligazón que vai dirixida cara á integración do/a neno/a consigo mesmo/a e cos demais.

As terapias desenvólvense unha vez á semana cun tempo de hora e media por sesión. Debido á inestable climatoloxía de Galicia, caso de que chova ou ben de que o tempo sexa molesto para estar fóra, dispoñemos dunha casa de 80 m. para outras actividades, coma os talleres de música e cociña.

A primeira é indispensable en calquera actividade educativa (xa o dicía Platón) e a segunda é moi interesante porque dalgunha maneira teno todo: textura, olor, sabor, vista....

As dúas actividades son auténticas protagonistas do paso do ano: o magosto, o Nadal, o entroido, a semana santa, a primaveira... Isto fai que as fagamos visibles aos demais con actividades en grupo que se comparten con moita alegría.

Todo o traballo que o alumno realiza en ambas as actividades nunca se afasta dos obxectivos marcados polo programa. Este sería o programa anual, que ademais, no mes de xullo, ofrece un campamento para nenos/os de quince días con actividades moi diversas na natureza: pintura, cerámica, burros, cociña, música, excursións, etc....

No noso empeño pola integración social no campamento conviven todo tipo de nenos/as. Dependendo do número delas/es haberá mais ou menos monitores ou educadores. Así como monitores especializados noutras capacidades, porque en máis dunha ocasión o cociente neste caso é un por un.

O noso centro, "O fogar do meu burro" tamén atende outras demandas. Así, a partir do mes de abril ata xuño adóitannos visitar garderías, colexios de infantil, primaria e secundaria. Tamén o tema do lecer para familias e grupos de persoas con interese polo mundo rural ten moita aceptación.

Para fomentar a difusión do proxecto realizamos charlas en colexios e centros culturais.

Este programa ten como obxectivo facilitar a estimulación motora e sensorial baseándose non fomento dá interacción entre persoas e asnos. Tamén buscamos establecer relacións en educación non formal entre os asnos, nenos/ as e familias.

MUSICOTERAPIA

Como actividade complementara realizamos musicoterapia, dentro do propio programa de atención á diversidade funcional.

A musicoterapia é unha actividade de tipo terapéutico que garda relación coa música baseándose nun deseño dunha programación vivencial. Nela traballamos o canto, a manipulación de instrumentos e os xogos musicais.

A actividade levarase a cavo no espazo "O fogar do meu burro" como complemento das actividades antes descritas ou como actividade propia. Así mesmo, tamén poderá desplazarse a outros lugares específicos, como Centros Sociais en Ames ou Santiago de Compostela, ou domicilios particulares.

Tamén organizaremos cursos de formación durante o curso escolar a profesionais de centros de día e xeriátricos.

CAMPAMENTO DE VERÁN para nenos e nenos

Campamento de verán para nenos con capacidades de diversidade funcional e outras capacidades, co apoio da asinoterapia que en nenos e adultos con outras capacidades pon de manifesto os beneficios que o animal aporta.

O campamento realizarase no espazo "O Fogar do meu Burro"

TURISMO ACTIVO NA NATUREZA

Ofrecemos propostas de turismo activo con nenos e adultos (paseos para coñecer o entorno, coidado dos animais, paseos en carro, etc)

CONTOS E ENCONTROS NA NATUREZA

COCIÑA

Como actividade complementara realizamos talleres de cociña, dentro do propio programa de atención á diversidade funcional, para estimular os sentidos, a participación, a colaboración e o contacto cos elementos naturais.

Neste vindeiro exercizo, introduciremos recetas e conceptos da comida vegana e que non provoque sufrimento animal.

3. FUNCIÓN PRINCIPAL

➔ Asistencial. Atención a outras capacidades: autismo, síndrome de down, alzheimer, etc..

4. UBICACIÓN GEOGRÁFICA

Aldea de Lamas, no val de Mahía (Ames), a 11 Km de Santiago de Compostela, nunha leira cedido a fundación duns 5000 metros cadrados.

5. DESTINATARIOS/AS OU BENEFICIARIOS/AS FINAIS

- ✓ Persoas con necesidades especiais, especialmente as seguintes: síndrome de down, autismo, TDA e hiperactividade, trastorno bipolar, tetraplécicos, nenos/as de acollida, nenos/as con problemas de conduta, terceira idade, alzheimer, Parkinson ou problemas psiquiátricos.
- ✓ Nenas e nenos de todas as idades.
- ✓ Grupos familiares, colexios, centros para pícaros/as con necesidades de coidados do alma, centros de Día de anciáns/as ou calquera outro particular ou estamento público que o solicite.
- ✓ Público en xeneral no programa de visitas. Desenvolvemento do proxecto de terapia asistida por animais.

6. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PROGRAMA

O programa ten como obxectivo facilitar a estimulación motora e sensorial baseándose no fomento da interacción entre persoas e asnos. Tamén buscamos establecer relacións en educación non formal entre los asnos, nenos/as e familias.

- ✓ Mellora da saúde mental.
- ✓ Estimulación motora, aumento da relaxación, esquecer problemas, eliminar medos, mellorar a atención, observación, concentración, calmar a agresividade, aumento da autoestima e a empatía e intelixencia emocional
- ✓ Desenvolver os aspectos sensoriales, psicomotores e sociais das persoas a través da interacción cos burros.
- ✓ Establecer relacións en educación non formal entre los asnos, nenos/as ye familias
- ✓ Desenvolver un programa de musicoterapia para persoas con Trastorno do Espectro Autista, TEA

- ✓ A integración con outras persoas (neste senso realizamos actividades conxuntas coma por exemplo “A cabalgata das rosquillas”, actividade navideña na que repartimos rosquillas polas aldeas veciñas coa participación dunha gran variedade de persoas).

7. ACCIÓNS ESPECÍFICAS PARA LOGRAR OS ANTEDITOS OBXECTIVOS

- ➔ Continuidade das actividades de terapias asistidas por animais, con visitas ás instalacións, paseos, cuidado dos burros...
- ➔ Terapia asistida con asnos
- ➔ Campamento de verán para nenos con capacidades especiais.

ASINOTERAPIA:

Realizamos clases dunha hora e media de duración. O máis normal é estar o terapeuta e o paciente; só en casos moi illados trabállase co paciente e a familia.

Comeza co protocolo de saudar aos animais e atender ás súas necesidades de alimento e hixiene. É un momento importante onde sen decatarte un vaise relaxando e vivindo o momento exacto. Esta é a preparación para os execizos seguintes, coma o de levar ao animal do ramal, montar sobre él, montar en carro, e comezar o paseo fóra do recinto. Iremos polas aldeas para achegarnos á xente porque así ao longo do tempo establécese unha telaraña afectiva coa contorna. Poderíase dicir que é unha terapia integradora onde conviven o terapeuta, o paciente e todo o noso redor.

Durante o camiño realízanse paradas non organizadas, xa que seguen unha dinámica natural, é dicir, se aparece un veciño/a, falamos; se vemos unha fonte, descansamos, bebemos ou cantamos; se aparece un can, xogamos; etc.

O paseo ofrécenos todos os elementos para traballar, aprender, descubrir e gozar. De volta ao recinto preparamos a despedida recollendo, ordeando e despedíndonos dos animais.

Ao final da terapia compártese un momento cos familiares que veñen a recoller ao neno-a.

COCIÑA E MÚSICA

Estas dúas actividades están moi presentes nas terapias. Sobre todo se o clima non acompaña para estar no exterior. Nun principio cando chovía suspendiamos as terapias ata que decidimos non facelo e aproveitar a circunstancia meteorolóxica para incorporar a música e a cociña no traballar. Deste xeito sumáronse á asinoterapia formando unha tríada de traballo moi interesante.

VISITAS

As visitas ao centro teñen o obxectivo e motivo de contactar coa natureza, co entorno rural e o achegamento aos animais.

A actividade consiste en visitas ao centro e paseos cos burros pola contorna.

Realízanse no tramo de abril-xuño onde recibimos visitas de colexios e guarderías. Podemos atender grupos de ata oitenta persoas, despregando actividades moi diversas que se poden adaptar aos grupos grandes. Para atender ben aos nenos e nenas cóntase sempre coa axuda dos profesores. Entre estes e os monitores do noso centro/movémonos nun ratio moi bo. Si a visita é con persoas con discapacidade os grupos son sempre pequenos.

Os fines de semana atendemos tamén outro tipo de visitas como familias ou pequenos grupos de amigos que estean interesados no proxecto.

CAMPAMENTO DE VERÁN

Adicamos o mes de xullo aos campamentos.

Estes teñen unha duración quincenal. A outra quincena sempre está centrada na preparación e organización do mesmo. Porén, e dependendo da demanda pódense organizar dúas tandas de 1 quincena cada unha. O número máximo de nenos é de 30. Dispomos de monitores e voluntarios.

As actividades desenvólvense de 10h a 14 h. podendo os e as nenas vir ás nove da mañá, para favorecer os horarios de traballo dos seus pais e saír ás catro da tarde traendo a súa comida nun taper.

Organizamos excursións polos arredores cos burros, talleres de cociña, pintura, escultura, cerámica, música e xogos tradicionais.

O campamento esta aberto a alumnos con outras capacidades sendo estes atendidos por monitores especializados en educación especial.

O espazo no que nos movemos é o recinto dos burros, un pequeno bosque encadrado no mesmo e o xardín da casa de actividades, onde adoitamos almorzar e comer.

Si hai pícaros que se quedan a comer poden dispor da casa de actividades para descansar ata a chegada dos seus pais..

ACTIVIDADES LUDICAS.

Son esas actividades á marxe das terapias onde se intenta compartir lecer en grupo. A cabalgata das rosquillas en Nadal é o exemplo máis claro. A primeira hora da mañá fanse rosquillas que logo nun paseo todos xuntos imos repartir polas aldeas veciñas, cantando villancicos e cancións tradicionais, disfrazados ou non; todas/os xuntas/os, xente moi diversa, compartimos unha mañá para gozar Nun entorno natural. É unha forma de dinamizar o mundo rural.

Esta actividades está aberta a todas as idades, todas as persoas; todas/os xuntas/os.

VOLUNTARIADO

Unha cuestión que temos enriba da mesa é que este proxecto require máis axuda. E a carencia de diñeiro é un obstáculo para conseguila. É por isto que queremos potenciar o voluntariado xa que a través del consíguense dúplos obxetivos:

- Axuda ao proxecto, por exemplo para limpar 1 ou 2 veces por semana o cortello, ou para actividades concretas como o Campamento de Verán.
- Promoción da participación cidadana, a través das actividades de voluntariado. As persoas aprenden, relaciónanse nun entorno san e enriquecedor, e acumulan currículum que posteriormente pode serlle de utilidade.

8. METODOLOXÍA TÉCNICA

Actividades de fin de semana: sábados e domingos son os dous días da semana dedicados ás terapias. Sábado mañá e tarde e domingo de mañá.

Debido á climatoloxía un tanto adversa de Galicia a propia actividade de traballar con burros ás veces non é posible, o frío non supón un problema pero a choiva sí.

Entre semana e sobre todo nos meses de abril a xuño adoitan vir colexios, pola mañá.

Dispoñemos dunha casa de 90 m2 para actividades. É aí, cando o mal tempo non nos deixa estar fóra, onde desenvolvemos a Musicoterapia, así como talleres de cociña.

Esta triada de accións: MÚSICA-COCIÑA-ANIMAIS é o marco de ouro en en traballo cos usuarios.

As sesións son dunha hora e media, e é na última media hora onde solapo ao alumno/a con o seguinte, así, ten unha hora individual e media hora compartida.

Tres principios subliñan a nosa metodoloxía:

- CONTACTO (co animal e a contorna)
- ATENCIÓN (ás súas necesidades)
- COMUNICACIÓN (co animal e a contorna)

Desde a perspectiva educativa temos que conseguir:

- Aprender a preservar os valores naturais e culturais da nosa terra.

- Respectar animais e plantas.
- Coñecer a nosa historia.
- Coñecer a historia do animal.
- Descubrir a natureza que nos rodea.

Resumindo, temos que traballar para tentar mellorar as condicións físicas e psíquicas, motoras e sensoriais das persoas, a través da estimulación mediante actividades programadas para este fin.

O traballo de terapia asistida con animais é un traballo delicado, pero nos avalan anos de experiencia nesta área. Está pensado fundamentalmente para persoas discapacitadas, independentemente da idade e para un público máis xeneralista no programa de visitas. O que queremos é ampliar tamén a proposta de turismo activo e rural con nenos e adultos con paseos para coñecer o entorno, co coidado dos animais, paseos en carro, etc... Esta é unha actividade moi diversa e pola experiencia que temos moi enriquecedora a nivel humano e de contacto coa natureza.

A metodoloxía a empregar na terapia asistida con animais está baseada en principios de aprendizaxe activo: Tocar ao animal, preocuparse polas súas necesidades (alimento, limpeza, paseos....) e a comunicación directa verbal e non verbal que se establece co animal.

O traballo terapéutico ten que estar sempre coordinado cos outros profesionais que tratan ao paciente e actuar en paralelo a estos pero de forma complementaria. Para elo, é necesario dispor dos informes técnicos e médicos e, a poder ser, unha comunicación directa cos mesmos, ou senón a través da familia.

O proxecto elabórase sobre a base de organizar clases para un máximo de 10 persoas e un mínimo de 2 cada unha, de carácter quincenal e de 2 horas de duración cada clase.

Manteranse así mesmo as sesións de traballo individuais de dúas horas de duración.

As visitas ao Fogar do meu Burro son sempre baixo cita previa.

Os e as usuarias que acuden a O fogar do meu burro veñen sobre todo polo método de difusión do boca a boca. Isto demostra que a satisfacción dos clientes que provan os nosos servizos e o logro acadado na fidelización dos mesmos.

Temos como centros clientes ou colaboradores, que nos envían pacientes, os seguintes centros:

- Hospital Clínico de Santiago
- Departamento de Atención Temprana
- Asociación de autismo Aspanaes
- Outras entidades ligadas á discapacidade.

Os pacientes adoitan permanecer un tempo moi prolongado, a día de hoxe, nestes sete anos de actividade séguese traballando coas mesmas persoas, nenos e nenas que chegaron con dous anos e teñen agora nove. É esta permanencia a que fai que o número aumente aos poucos. Esta forma de crecer deixa claro o bo traballo que se realiza.

9. VOLUNTARIADO.

(Aquí se añadiría lo que le escribiste a Lucía, más o menos)

9. RECURSOS MATERIAIS

Os recursos materiais que son necesarios para a posta en marcha do programa, son:

- ✓ Local en Ames, propiedade do promotor Tomás, de 80 m² destinado a actividades e terapias que teñen que facerse en local pechado. Con dous baños, un deles preparado para persoas con mobilidade reducida, cociña, comedor e unha sala para a actividade musical e o descanso.
- ✓ 6 burros de distintas razas e un cabalo.
- ✓ Dous carros para paseos para adultos e nenos/as.

- ✓ Equipo de enfermería e asistencia persoal.
- ✓ Recinto ou parcela para os burros duns 5000 metros, no que se dispón dunha construción ou establo, completamente equipado para os animais.
- ✓ Carpa para a realización de actividades, con aseo, caseta para os aperos e un espazo para gardar a palla.
- ✓ Terreos prestados pola veciñanza que suman uns 15.000 m2 para que os animais poidan pastar.

10. RECURSOS HUMÁNS

➔ Recursos humanos propios

- Tomás Rábanos. Organizador, coordinador e executor (monitor) de todas as actividades.

Para el CAMPAMENTO DE VERANO contamos además con las siguientes personas:

- Lucía González Vicente. Organización, coordinación e impartición dos talleres como educadora e monitora nas sesións de arteterapia e pintura cos nenos/as.
- Personal en prácticas. Dos persoas a tempo completo previstas para o tempo de campamento de verán (15 días) este exercizo. Na ocupación de monitores de ocio e tempo libre.

➔ Recursos humanos VOLUNTARIOS

- Dous voluntarios/as a tempo completo para o campamento de verano.
- Padres, familiares y profesores.

11. FORMA DE FINANZAMENTO DO PROGRAMA

O financiamento do proxecto lévase a cabo a través de cotas de socios, donacións, apadrinamentos de burros e contraprestación de servizos.

12. ORZAMENTO PREVISTO

RECURSOS DE FUNCIONAMIENTO PREVISTOS	IMPORTES		TOTAL
	ESPECÍFICOS	COMUNES	
Gastos de gestión	0	360	360
Consumos de explotación	750		750
Material didáctico	50		50
Estacionares para amortización de inmovilizado		400	400
Suministros		500	500
Utilaxe	200		200
Reparacións	150		150
Seguros voluntarios e rapaces	170		170

Variación de las provisiones de la actividad	200	0	200
Variaciones de las provisiones de inmovilizado inmaterial y material			0
Total recursos funcionamiento	1.200	760	2780
RECURSOS DE FONDOS PREVISTOS	IMPORTES		TOTAL
	ESPECÍFICOS	COMUNES	
Adquisición Activo inmovilizado	1500	0	1500
Total recursos de fondos	1.500	0	1500
TOTAL RECURSOS PREVISTOS PARA LA REALIZACIÓN DE LA ACTIVIDAD	2.700	0	4280

FINANCIACIÓN	Importe
RECURSOS PROPIOS	4280
FINANZAMIENTO PÚBLICO (Subvención da Consellería)	0
TOTAL	4280

RECURSOS HUMÁNS NECESARIOS	Número	Adicación horaria
Personal con contrato laboral	0	
Personal voluntario	4	1500 horas anuais

INGRESOS ORDINARIOS ESTIMADOS DERIVADOS DA ACTIVIDADE 1º ANO	Importe
Ingresos ordinarios por servizo correspondente a asinoterapia	3500
Ingresos por servizos de colaboración (musicoterapia ASPANAES)	400
Ingresos ordinarios por servizo correspondente a visitas colexios	500
Ingresos ordinarios por servizo correspondente a Campamento verán	500
TOTAL INGRESOS	4900,00

CONVENIOS DE COLABOURA CON OUTRAS ENTIDADES	INGRESOS	GASTOS	RESULTADO
ASPANAES (asoc. Apoyo autismo)	400	0	400

III. "CRIADEIRA"

DATOS IDENTIFICATIVOS DE LA ACTIVIDAD

DENOMINACIÓN	PROXECTO “CRIADEIRA”
TIPO	Propio
SECTOR PRINCIPAL	Muller, Familia
FUNCIÓN PRINCIPAL	Asistencial. Informativa. Formativa.
UBICACIÓN GEOGRÁFICA	Galicia. Especialmente Comarcas Santiago de Compostela e Vigo

1. ANTECEDENTES E DETECCIÓN DE NECESIDADES.

Moitas parellas desexan traer aos seus fillos/ as ao mundo preparándose para isto dunha forma integral, responsable, sendo protagonistas do momento e tendo claros os seus dereitos e todas as opcións existentes para conseguir o mellor parto posible para a nova familia xa sexa en casa ou nun hospital. Toda muller ten dereito de informarse das diferentes posibilidades que ten de traer aos seus bebés ao mundo, do que supón cada unha delas, tendo en conta as súas propias necesidades e as do bebé; escollendo as que crea mais adecuada ás súas expectativas e desexos. Este proxecto nace coa intención de acompañar, axudar e coidar á muller e á súa parella no embarazo, parto e puerperio, así como ao recentemente nacido no momento do seu nacemento e posterior crianza. Consideramos o parto como unha función fisiolóxica, natural e inherente á muller. Unha vivencia transcendente, íntima e familiar que fortalece. Consideramos tamén o nacemento como unha experiencia vital que constitúe a base da futura personalidade do bebé.

A aceptación de doulas no coidado maternal está crecendo rapidamente debido ao recoñecemento da súa importante contribución en mellóraa dos procesos físicos que afloran durante o embarazo e o parto, e o benestar emocional das mulleres e os bebés a quen acompañan.

Logo cas nais teñen o seu parto, ben na casa ou ben no hospital, quédalles a tarefa de encaixar todas as novidades nunha sociedade difícil de modificar. E é así como se atopan cos impedimentos propios do descoñecemento da lactación como proceso natural, os inconvintes de non ser un individuo productivo, a mais de outras cousas cotiáns que pasan desapercibidas para o resto dos mortais.

2. DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA

Criadeira é un proxecto de atención integral á familia e á muller, no que se desenvolverán as seguintes actividades:

1. Acompañamento ao parto, postparto e crianza

Eomaia abre o seu espazo para que as nais, as crianzas e os pais poidan achegarse e ter un tempo para compartir o que só as nais puérperas coñecen. Acompañadas en ocasións das doulas e voluntarias, poden beneficiarse das terapias de recuperación post-parto, de compartir temas sobre sexualidade, cantar cantigas de berce, de plantexar dúbidas e acadar información doutras nais que como elas viven o mesmo proceso.

Xunto con outras mulleres e acompañantes afectivos as mulleres poderán:

Compartir as súas experiencias e expectativas.

Pensar e sentir a súa maternidade desde o seu centro favorecendo o seu desenvolvemento e crecemento persoal.

Elaborar e percorrer o seu propio camiño cara a unha boa experiencia de xestación e dun parto propio e único.

Acompañamento dunha Doula. Na actualidade a palabra Doula pasou a referirse a “unha muller experimentada no proceso de nacemento que achega información e apoio físico e emocional continuo á nai antes, durante e despois do parto” (Klaus, Kennell and Klaus, Mothering the Mother).

2. Contos e encontros na natureza

O que se tentará nestes obradoiros é achegar ás crianzas e familias ó acontecer do devir estacional na terra e na cultura que están. A experiencia da maioría das crianzas que viven, hoxe en día, en entornos urbáns está moi afastada do devir estacional na natureza e nas tradicións populares típicas de cada estación. As familias tampouco teñen moitos espazos onde xuntarse e relacionarse dun xeito amable, saudable e construtiva.

A relación coa tradición tampouco é común, ou en vías de extinción, na vida de moitas crianzas. As familias poderán vivenciar todo isto coas crianzas e entre elas, ademais dun ambiente festivo e san. Tendo así un espazo no que xuntarse e atoparse. Todas as crianzas e familias que se acheguen.

Nenas e nenos de 3 a 7 anos, sempre que non teñan problemas ó quedar cos acompañantes. Nenas e nenos que viven nas cidades onde a relación directa coa natureza e o devir estacional non é posible, ou de maneira moi reducida.

3. Creación dun centro de documentación permanente en Santiago de Compostela

Trátase de organizar e xestionar unha biblioteca e centro de documentación en soporte físico e dixital relacionada fundamentalmente cos períodos da crianza, sexualidade, muller, xuventude, procesos de aprendizaxe e axudas sociais para estes colectivos.

Os soportes da documentación serán en formato papel e dixital e comporanse de artigos, documentos audiovisuais, revistas, libros, trípticos, e calquera outro tipo de documento análogo que conteña información sobre os temas relacionados. A documentación estará permanentemente actualizada para cubrir as exixencias dun mundo aceleradamente cambiante.

O centro de documentación estará a disposición das beneficiarias/os da fundación para a súa consulta e uso no recentemente aberto local da organización en Santiago, e poderase emprestar por períodos curtos a persoas físicas beneficiarias/os e colaboradores/as mediante sistema adecuado para tal fin. Tamén poderase emprestar a colexios, institutos e outras organizacións para a realización de mostras, pases, cursos, ou aquelas actividades de difusión e formación que ditas persoas xurídicas organicen sobre a materia en cuestión.

3. FUNCIÓN PRINCIPAL

- ➔ Asistencial.
- ➔ Informativa.
- ➔ Formativa.
- ➔ Comunitaria.

4. UBICACIÓN GEOGRÁFICA

Comunidade Galega, especialmente comarca de Vigo e Santiago de Compostela.

5. DESTINATARIOS/AS OU BENEFICIARIOS/AS FINAIS

- ✓ Muller.
 - Mulleres que deciden ter aos seus fillos/ as soas.
 - Mulleres que queren ter un parto e crianza máis natural
 - Mulleres con necesidades económicas
- ✓ Crianzas.
- ✓ Familias.

6. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PROGRAMA

1. Acompañamento ao parto, postparto e crianza

- ✓ Mellorar as situación de carencias emocionais, económicas, problemas físicos, sociais, etc... das mulleres, a través do desenvolvemento de programas de apoio a mulleres e bebés.
- ✓ Transitar por unha maternidade e paternidade consciente.
- ✓ Humanización do parto.
- ✓ Apoio ás familias que o necesiten para adaptarse aos cambios que supón a chegada dun novo membro ao grupo familiar.
- ✓ Fomentar encontros entre mulleres en similares procesos de post-parto; Prestar un servizo á comunidade de información e apoio
- ✓ Coidado do corpo físico e emocional da muller no port-parto a través dun servizo de asistencia domiciliario nas tarefas máis rutinarias da vida cotiá. A mellora na súa recuperación terá consecuencias directas no restablecemento do seu equilibrio persoal e familiar, ademais de proporcionarlle o bebé contención e sustento.

2. Contos e encontros na natureza

- ✓ Achegamento aos ritmos da natureza
- ✓ Observar os cambios dos ritmos da vida natural.
- ✓ Fomentar un ocio activo e en familia lonxe da urbe e dos tempos trepidantes dela

3. Creación dun centro de documentación permanente en Santiago de Compostela

- ✓ Crear e manter un centro de documentación para divulgar e facilitar información relativa as temáticas que aborda principalmente a fundación

7. DESCRIPCIÓN DAS ACCIÓNS ESPECÍFICAS PARA LOGRAR OS ANTEDITOS OBXECTIVOS

1. Servizos de acompañamento a mulleres no embarazo, parto, postparto e crianza.

A atención integral á muller no embarazo, parto e postparto concrétese a través dunha serie de encontros nos que percorremos os aspectos físicos, emocionais e mentais deste momento vital tan especial na vida dunha muller. Os encontros teñen unha duración aproximada de 90 minutos. Estes encontros fixan de antemán mediante un acordo entre a muller e a doula que a acompañará, co fin de fomentar ao máximo a vinculación entre a doula, a muller e a contorna social da muller (compañeiro, nai, outros fillos/as, etc.) O número de encontros coas mulleres e as familias dependen do momento en que a nai se pon en contacto connosco.

As doulas cubren a preparación ao parto e:

- axudan á muller a contactar co seu corpo para reforzar así a súa seguridade interior.
- axudan ás familias a tomar o seu parte de responsabilidade no proceso.
- preparan á muller tanto física como emocionalmente para un parto sen intervencións, xa sexa este en casa ou no hospital.

- a) Embarazo: Durante o embarazo trátanse os temas relacionados co corpo, alimentación e nutrición, medos, así como información e ferramentas que facilitan as distintas etapas do embarazo, o parto e o postparto inmediato. Tamén se trata a lactación e crianza e calquera outro tema que a muller ou a contorna que a rodea soliciten. Estes temas son desenvolvidos pola doula e a muller dun modo persoal. É a doula quen á súa vez se encarga de derivar e buscar información sobre as colaboracións das comadronas e profesionais que formen parte do acompañamento de cada

muller en particular. Clases dunha duración de 90 minutos que poden ser semanais ou quincenais, previo acordo de ambas as partes.

b) Parto e postparto: As doulas acompañamos ás mulleres que así o solicitan no seu proceso de parto desde o momento que elas precisen. Para que este acompañamento sexa posible é imprescindible a presentación previa da doula e a muller, así como un mínimo de sesións previas ao momento de dar a luz. O acompañamento ao parto inclúe dúas visitas postparto. A primeira ao día seguinte do nacemento e a segunda aos 5 días de vida do bebé, á marxe doutras que se acorden a posterior

- **Prezos** por atención de doula o embarazo: Clases dunha duración de 90 minutos; incluídos fotocopias e materiais útiles no desenvolvemento das actividades. Guiadas/impartidas por unha doula. Prezo da sesión é de 25 euros no local e 30 no domicilio da parella/muller se este está nun radio próximo, Se os desprazamentos requiren maior percorrido, engádense os gastos de desprazamento. Poden tamén beneficiarse dun bono cun compromiso de 7 encontros por un prezo de 170 €. Condicións especiais para mulleres con especiais dificultades económicas.

c) Crianza: Os xoves de 11:30 a 13:00 estarán dedicados ás nais e os seus bebés, ás súas inquietudes e novidades. Este é un espazo para bebés de 0 a 2 anos acompañados/ as das súas mamas. Os papas serán benvidos. Serán encontros acompañados para vivir os procesos no puerperio, juntas/os. Incluiremos nas sesións as seguintes actividades:

- ◆ Masaxe infantil
- ◆ Nanas
- ◆ Sexualidade
- ◆ Porteo
- ◆ Xogos
- ◆ Movemento
- ◆ Reflexiones
- ◆ Remedios

- **Prezos**: 25€ – por sesión; BONO de 5 sesións a 100€ .

2. **Talleres** sobre as temáticas: embarazo, parto, postparto, crianza, nutrición, psicoloxía perinatal, danza e movemento, homeopatía, terapia transpersonal, saúde persoal e familiar e terapias de apoio.

Normalmente, os cursos ou talleres serán de 5 horas cada un, salvo aqueles outros que requiran de máis ou menos tempo.

- **Prezos** segundo o custe de execución do taller. O prezo estimarase cubrindo gastos e obtendo un 20% de marxe neto.

3. **Atención ao público** para información e asesoramento en local permanente en Santiago de Compostela no seguinte horario: de 10:00 a 14:00 de luns a venres e de 17:00 a 21:00 os martes.

- Actividade gratuita

4. **Conferencias e outras actividades de difusión e sensibilización**. Tal e como vimos facendo todos os anos, seguiremos organizando e participando en conferencias, mesas redondas, encontros, congresos relacionados co embarazo, parto, postparto e crianza. Os lugares onde adoitamos a facer este traballo de formación e de charlas-encontros veñen sendo en centros sociais, asociacións culturais e outras entidades afíns. Participaremos en todos eventos que se programen durante o próximo exercicio e que soliciten a nosa colaboración en mesas redondas, obradoiros e conferencias, na Comunidade Autónoma de Galicia ou fora dela.

- Normalmente actividade gratuita salvo que a entidade organizadora poida colaborar economicamente.

ARTETERAPIA. A través de sesións de arteterapia impartidas por Lucía González, se traballará coas mulleres, nais e nenas/os con fines terapeuticos.
(ver anexo I ao final deste documento para máis detalle sobre esta actividade específica)

- **Prezos** 30 euros/sesión, ou 170 o bono de 7 sesións.

8. NECESIDADES SOCIAIS IDENTIFICADAS QUE SE PRETENDEN PALIAR CON ESTE PROGRAMA

- ➔ Soidade e/ou desamparo das nais que optan polo parto natural.
- ➔ Situacións de especial vulnerabilidade de nais e familias en situacións de precaridade económica.
- ➔ Deshumanización do parto.
- ➔ Dificultade para encaixar a enorme distancia socio-cultural, física e emocional entre a forma de maternidade ancestral e vixente aínda nos corpos físicos (xenética) e emocionais das mulleres, e a moderna forma de reprodución baseada na intervención médica e na manipulación dos corpos de mulleres e bebés.
- ➔ Falta de comprensión de boa parte da sociedade actual, especialmente do sector médico, das necesidades dos neonatos (física e emocional) e da relevancia do proceso do embarazo, parto e postparto na futura vida.
- ➔ Desestructuración da familia e consecuente situación de soedade das mulleres e crianzas nos primeiros meses da vida destas.

9. METODOLOXÍA TÉCNICA

1. Disposición de local aberto ao público en Santiago de Compostela.

Situado na rúa Fontiñas, nº 27, baixo. Consta de 190 m2.

Utilización en réxime de co-working con outras entidades colaboradoras ou afíns.

Dende este local se realizan as seguintes actividades:

- Atención ao público (información e asesoramento)
- Consultas particulares/familiares.
- Realización dos obradoiros, encontros e actividades formativas.
- Xuntanzas dos grupos de debates e apoio mútuo.
- Punto de información permanente a disposición do público.

2. Contratación de servizos profesionais independentes

Continúase coa contratación iniciada no 2017 da empresa *Paradoxa Humana*, que se encargará das labores de xestión administrativa.

Paradoxa Humana é unha empresa adicada ao apoio e xestión de entidades da economía social e outras empresas sociais coa que se asinou un contrato de prestación de servizos para o desenvolvemento deste programa por tres anos, sendo este vindeiro 2018 o segundo.

3. Outras formas de prestación dos servizos.

- a) Por medio da atención personalizada no local da Fundación de Vigo.
- b) A través de atención telefónica (unha telefonista-recepcionista establecería o primeiro contacto e logo sería transmitida a especialista correspondente)
- c) Nas plataformas virtuais de internet (habilitando para elo unha páxina web con toda a información dispoñible, incluíndo accesos e enlaces a diferentes servizos ou lugares, formularios

de contacto, etc; e todas aquelas redes sociais e outros sitios web que contribúan a difundir a información e a comunicación coa cidadanía e potenciais usuarios/as)

d) Co apoio da edición de folletos informativos (que serían repartidos principalmente nos centros de maiores, de saúde, hospitais, método de traballo integro elementos de medicina tradicional chinesa (macrobiótica), ayurveda, naturopatía, ioga e mindfulness.

4. **Acompañamento no embarazo, parto e postparto**

A organización dos cursos e talleres serán levados coma ata o de agora, de forma propia, co persoal de Eomaia.

Os talleres serán impartidos por persoal propio da Fundación, especialmente Lucía González Vicente así como por outras persoas especializadas que se contratarán para tales fins.

O lugar de impartición será o local de Santiago de Compostela, o local de Vigo ou as propias casas das interesadas.

5. **Creación de grupos de debate, autoconñecemento e axuda mutua.**

Organizaranse periodicamente grupos de debate e apoio mutuo para compartir as experiencias e acadar o apoio doutras persoas con procesos similares.

Os grupos serán titorizados por persoal cualificado de Eomaia.

Organizaranse atendendo ás necesidades dos/das usuarias/os.

As temáticas habituais dos grupos serán:

- Embarazo, parto, postparto e crianza.
- Saúde da muller e da crianza.
- Debate cultural sobre a muller e a crianza.
- Experiencias persoais.

10. RECURSOS MATERIAIS

Os recursos materiais que serían necesarios para a posta en marcha do programa, son:

- ✓ Local en réxime de aluguer en Santiago de Compostela.
- ✓ Local en réxime de cesión (propiedade da Fundadora) en Vlgo.
- ✓ Habilitación completa do local con espazos diferenciados de:
 - ✓ oficina
 - ✓ atención personalizada
 - ✓ espacio grupal e formativo

E equipamento mobiliario e informático para os mesmos.

11. RECURSOS HUMÁNS

➔ **Contratación de servizos profesionais independentes**

- ✓ **Paradoxa Humana**, que se encargará das xestións administrativas. Na súa equipa conta con:
 - Raquel Freiría Mato, xerente de economía social e ademáis experta en dereitos sanitarios e Documento de Instrucións Previas.
 - Santiago Piñan Oujo, experto en comunicación, redes sociais e relacións públicas.

- ✓ **Cristina García Núñez**, Psicoterapeuta dende hai 10 anos. Traballa na práctica privada cun enfoque principalmente sistémico, en Terapia Breve centrada nas solucións.
- ✓ **Marta Vázquez**, Nutricionista. Graduada co título de Integrated Master of Science en Terapia Nutricional. A súa formación académica está baseada no modelo da Medicina Funcional e a Terapia Ortomolecular. Ademais, no meu método de traballo integro elementos de medicina tradicional chinesa (macrobiótica), ayurveda, naturopatía, ioga e mindfulness.
- ✓ **Nuria Carballido**, Pedagoga, bailarina artística e animadora sociocultural. Pertence ao grupo das terapias creativas en psicoterapia traballa co proceso creativo, o xogo simbólico e o movemento expresivo e permite así a confrontación e integración de temas comúns nos trastornos emocionais e de comportamento: a rabia e a agresividade, o rexeitamento e o abandono, a tristeza e a impotencia, os límites e a necesidade de contención, etc.

➔ Recursos humanos propios

- Lucía González Vicente. Arteterapeuta titulada pola escola da Dr Hauska, doula formada na escola de saúde holística Consuelo Ruiz, directora de ocio e tempo libre, educadora de masaxe infantil, profesora de yoga e pintora.

12. FORMA DE FINANZAMENTO DO PROGRAMA

- ➔ Contraprestación económica no servizo asistencial por parte do/a usuario/a. Porén, contéplase a prestación do servizo con importantes descontos (incluso de balde en certos casos) para persoas con falta de recursos económicos. Así mesmo, a rede de voluntariado se faría cargo da maior parte do acompañamento.
- ➔ Cotas de socios/as.
- ➔ Doazóns.
- ➔ Subvencións e outras axudas públicas ou privadas.

13. ORZAMENTO PREVISTO

RECURSOS DE FUNCIONAMIENTO PREVISTOS	IMPORTES		TOTAL
	ESPECÍFICOS	COMUNES	
Gastos de xestión		360	360
Consumos de explotación (material cursos, talleres)	500		500
Contratación persoal especializado xestión	0	2200	2200
Pago poñentes/formadoras	1000		1000
Estacionares para amortizacións de inmovilizado		50	50
Otros gastos (desprazamentos e suministros)	1600	500	2100
Variación de las provisiones de la actividad	100	0	100
Variaciones de las provisiones de inmovilizado inmaterial y material	0	0	0
Total recursos funcionamiento	2.200	3110	6310

RECURSOS DE FONDOS PREVISTOS	IMPORTES		TOTAL
	ESPECÍFICOS	COMUNES	
Adquisición Activo inmovilizado	0	0	0
Total recursos de fondos	0	0	0
TOTAL RECURSOS PREVISTOS PARA LA REALIZACIÓN DE LA ACTIVIDAD	2.200	0	6310

FINANCIACIÓN	Importe
RECURSOS PROPIOS	6310
TOTAL	6310

RECURSOS HUMÁNS NECESARIOS	Número	Adicación horaria
Personal con contrato laboral	0	
Personal voluntario	1	960 horas anuais

O resto dos recursos humanos proveerán da contratación de servizos externos (ver punto 11)

INGRESOS ORDINARIOS ESTIMADOS DERIVADOS DA ACTIVIDADE 1º ANO	Importe
Ingresos ordinarios por servizos prestados (acompañamentos, sesións crianza, sesións de arteterapia e talleres)	4500
Doacións	1000
Ventas de merchandising	150
TOTAL INGRESOS	5650

CONVENIOS DE COLABOURA CON OUTRAS ENTIDADES	INGRESOS	GASTOS	RESULTADO
Luna Maya, casa de partos de México DF.	0	0	0

IV. “Cañiza Natura”

DATOS IDENTIFICATIVOS DE LA ACTIVIDAD

DENOMINACIÓN	PROXECTO “CAÑIZA NATURA”
TIPO	Propio - Coorganizado con outra entidade.

SECTOR PRINCIPAL	Acción Comunitaria
FUNCIÓN PRINCIPAL	Ocio e tempo libre
UBICACIÓN GEOGRÁFICA	Concello de A Cañiza (Comarca de Paradanta), provincia de Pontevedra.

1. DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA

As Fundaciones Mundonatura y Eomaia unirán as súas forzas para a organización a posta en marcha dunha actividade familiar definida como VACACIÓNS EDUCATIVAS, CREATIVAS, OCIO e AMIZADE, DESENVOLVEMENTO PERSOAL, nun ambiente sano, amigable e en plena natureza. As datas serán na segunda quincena de xullo, coa data aínda por determinar.

A oferta pasa por conferencias, obradoiros, e toda unha oferta creativa e cultural que elaboraremos con atención. Esta é una actividade que xa se leva a cabo por quinto ano consecutivo, sendo o resultado da experiencia pasada moi satisfactorio. Pretendemos que sirva para recoñecer tanto aos profesionais que ofrecen o seu saber e bo facer como para que como poboación poidamos ser receptivos a todas estas oportunidades de crecemento e realización.

Farémolo nun enclave inigualable como é o Concello da Cañiza, en plena Serra da Paradanta, viva polas súas fontes, os seus montes, o seu aire limpo, que lle dan un carácter particular de espazo saudable e de natureza.

Teremos distintas actividades: cestería, yoga, chi-kung, danza africana, biodanza, danzas do mundo, art´land, rock balancing, risoterapia, escritura expresiva, sendeirismo, arteterapia, círculos de traballo, baños de natureza, baile e concertos nocturnos... Para os máis pequenos teremos tamén: reforestación nendo dango, gestalt caballos, pintura, arte y movimiento, barro, acrobacias, escenografía, slack line... polo que tamén, son uns días ideais para compartir en familia.

Ademáis estará aberta a posibilidade para as persoas participantes poidan realizar outras actividades como: excursións ás pozas, termas e piscinas naturais, paseos en bicicleta eléctrica...

As noites rematarán con música e danza en directo dentro do espazo “dormir coas estrelas” con música para o alma.

As asistentes poderán combinar e elixir os obradoiros que máis lle gusten.

2. DESTINATARIOS/AS OU BENEFICIARIOS/AS FINAIS

- ✓ Público en xeral, todas as idades. Aberto a todo tipo de persoas, co único requisito de ter ganas de disfrutar e deixarse levar.

3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PROGRAMA

- ✓ Fomentar o coñecemento e disfrute de lugares novos
- ✓ Compensar o tempo ó que estamos en espazos pechados desenvolvendo o sentido de independencia e autonomía
- ✓ Mellorar o desenvolvemento cognitivo ampliando a autoconciencia, capacidade de razonamento e de observación.
- ✓ Ofrecer a posibilidade a exercer o su dereito ó aire libre, onde as persoas poden desenvolver actitudes de amor a natureza e de responsabilidade de coidado da terra y de preservala e de conservar a sua diversidade.

7. ACCIÓNS ESPECÍFICAS PARA LOGRAR OS ANTEDITOS OBXECTIVOS

Desenvolveremos unha boa organización para procurar actividades atractivas para as persoas, e facendo distinción entre adultos/as, xoves e infancia, de xeito que todas/os teñan o seu espazo de

expresión e diversión.

Procuraremos profesionais que ademais de facer o seu traballo teñan unha implicación persoal e estean atentos/as as necesidades dos/as asistentes.

Contar co apoio do camping situado na cañiza para que as súas instalacións faciliten que os prezos sexan asequibles, de xeito que fomentemos a asistencia de familias completas de 5 ou 6 membros sen que iso supoña un coste excesivo.

8. NECESIDADES SOCIAIS IDENTIFICADAS QUE SE PRETENDEN PALIAR CON ESTE PROGRAMA

- ✓ Fomentar a comunidade como base de formación de desenvolvemento, creando modelos para os/as nenos/as nos que se comparta felicidade, relax e coñecementos.
- ✓ Intercambio de experiencias e vivencias entre persoas de diferentes extractos sociais e culturais.
- ✓ Favorecer la posibilidad de ocio e tempo libre para persoas con poucos recursos
- ✓ disfrutar da natureza e de espazos abertos
- ✓ fomentar a cultura da comunidade así como o recoñecemento de espazos naturais para incrementa o respecto a natureza.

9. METODOLOXÍA TÉCNICA

Divulgación pola pax www.paradanta.com

Organización das actividades e dos espazos en estreita colaboración co concello da cañiza que facilita instalacións e infraestructuras muy necesarias (edificio de usos múltiples, auditorio, pabellons)

10. RECURSOS HUMÁNS

- ➔ Contratación de servizos profesionais independentes

Contratación de monitores/as e facilitadores/as para a impartición dos talleres

- ➔ Recursos humanos propios

Persoal voluntario das dúas fundacións organizadoras.

11. FORMA DE FINANZAMENTO DO PROGRAMA

Contraprestación económica por prestación de servizo.

As persoas interesadas poderán contratar actividades ou días soltos ou o pack completo.

12. OUTRAS CONSIDERACIÓNS RELEVANTES

A xestión económica será realizada pola Fundación Mundo Natura, polo que todos as facturas de gastos e de ingresos serán emitidas por e para a dita fundación.

Eomaia participará na organización, coordinación, divulgación e execución do evento e impartición dalgúns dos talleres.

Non se devengará para a fundación ningún gasto nen ingreso, sendo únicamente compensadas as voluntarias da entidade pola aportación de traballo e gastos xerados na execución do mesmo así como un porcentaxe en dietas.

RECURSOS HUMÁNS NECESARIOS	Número	Adicación horaria
Personal con contrato laboral	0	0

Personal voluntario	2	100
---------------------	---	-----

CONVENIOS DE COLABORA CON OTRAS ENTIDADES	INGRESOS	GASTOS	RESULTADO
Asociación Paradanta es Vida	0	0	0

ANEXO 1

ARTETERAPIA. A arteterapia é unha disciplina que utiliza o proceso da expresión e da creación artística con fins terapéuticos. Propón unha experiencia creativa permitindo a expresión non verbal dun mesmo con diferentes aspectos: metafórico, simbólico e sensorial.

Na arteterapia a obra é a que comunica. O traballo en arteterapia descansa na creación dunha produción e a realización desta. É a obra en movemento a que é importante (modus operandi), o proceso de crear e o que ocorre neste proceso antes que o resultado final. A relación, o proceso creativo e a "obra artística" son os medios terapéuticos específicos da arteterapia.

Desde nenos defínennos acerca das nosas capacidades e posibilidades artísticas. Isto fai que durante a nosa vida asumamos eses xuízos como certos e moitas veces afastémonos da nosa expresión vital. A arteterapia baséase en que o achegamento á arte é un don que todo ser humano posúe, e desde esa afirmación trata de "sanar" ou recuperar a confianza na nosa capacidade.

A arteterapia é un goce da natureza, manifesta no noso ser a través da expresión artística. Os nosos ollos, as nosas mans... dan á as nosas emocións, a todo o noso corpo e mente un espacio a través da cor, da expresión, da creación favorecendo outra linguaxe de comunicación connosco mism@s e cos demais.

Coa arteterapia chégase a niveis profundos:

A creación faise desde o inconsciente, e por medio da cor e das formas, a arteterapeuta axuda ao paciente para coñecerse a se mesmo axudándolle a interpretar os resultados.

Os obxectivos xerais da arteterapia son:

- Expresarse non só con palabras.
- Mellorar a calidade de vida psicolóxica e social (curar a alma).
- Poñer – ou repoñer- en marcha o potencial creativo.
- Xogar, rir, chorar...cambiar de ideas, darse pracer.
- Ir dentro de uno mesmo, incitar á introspección e o autocuidado.
- Ofrecer un espazo onde o interior ten mais importancia.
- Dar un sentido ao vivido.
- Atopar prioridades.
- Elaboración e re-construción psíquica.
- Buscar outras maneiras de actuar.
- Permitirse vivir unha experiencia co corpo e a alma para transformarse.
- A quen vai dirixido?
- A arte é un don que o ser humano posúe, polo que todos os seres humanos poden participar da arteterapia.

Dinámica das sesións de arteterapia:

As sesións de arteterapia son dunha hora e media aproximadamente. Utilizamos materiais como a acuarela, o pastel, pinturas, lapiceros, carbón... É a arteterapeuta quen fai unha proposta de experiencia artística dando unhas directrices de realización cunha ampla marxe de expresión.

Un dos fins da arteterapia é que o resultado sexa estimado pola persoa que o practica.

Prezo: 30 euros/sesión, ou 170 o bono de 7 sesións.

RESUMO PLAN ECONÓMICO DA FUNDACIÓN PARA O EXERCIZO 2018

GASTOS

GASTOS XERAIS DA FUNDACIÓN NON APLICADOS NAS ANTERIORES ACTIVIDADES	IMPORTE
SEGURO R.C	500
FORMACIÓN SOCIAS (actividades de formación relacionadas)	50
SERVIZOS BANCARIOS (comisións 18 + mantementos 60 + outros 36)	114
Outros tributos e taxas	50
Consumibles oficina	150
Gastos de Responsabilidade Social Empresarial (donativos outras ongs)	50
Variación de las provisiones de la actividad	0
Variaciones de las provisiones de inmovilizado inmaterial y material	0
Total gastos xerais da Fundación	914
GASTOS TOTAIS DAS ACTIVIDADES	IMPORTE
Act. I "A Boa Morte"	38000
Act. II "Atención á diversidade funcional"	4280
Act. III "Criadeira"	6310
Act. IV "Paradanta es Vida"	0
Total gastos actividades	48590
GASTOS TOTAIS	49504

INGRESOS

OUROS INGRESOS	IMPORTE
CUOTAS DE SOCIAS	500
Total outros ingresos	500
INGRESOS DE ACTIVIDADES	IMPORTE
Act. I "A Boa Morte"	40.900
Act. II "Atención á diversidade funcional"	4900,00
Act. III "Criadeira"	5650
Act. IV "Paradanta es Vida"	0
Total ingresos de actividades	51450
INGRESOS TOTAIS	51950

RESULTADO

INGRESOS	51950
GASTOS	49504
RESULTADO	2446